

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016681	IES Carlos Casares	Vigo	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura II	2º Bac.	3	87

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

1. Introducción

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura en segundo de bacharelato oríentase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns e ás cidadás participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

Non hai que esquecer tampouco que a meirante parte do alumnado realizará as probas das ABAU ao remate do curso, feito que pode resultar decisivo cara a súa futura vida persoal e profesional, polo que a preparación do alumnado para pasar esta proba con éxito dirixe en boa medida as decisións tomadas nesta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas, tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O resumo, o esquema e o comentario crítico de textos.	Comprensión, análise de forma e contidos dos textos máis comúns nos medios de comunicación, así coma o comentario dos contidos desde unha perspectiva crítica.	30	9	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O resumo, o esquema e o comentario crítico de textos.	Traballarase tamén textos frecuentes no ámbito académico, como a exposición, o resumo e o esquema.	30	9	X	X	X
2	Morfoloxía, sintaxe e semántica. As linguas de España	Revisión das clases de palabras, das funcións sintácticas e da estrutura da oración simple e composta, así coma das relacións semántica das palabras. Farese fincapé no uso correcto da lingua, na composición e corrección de erros e no valor de cohesión textual dos elementos gramaticais. En canto as linguas de España, traballarase para evitar os estereotipos lingüísticos e prexuízos e para evitar os erros de interferencia lingüística máis comúns entre os falantes de galego e castelán.	30	33	X	X	X
3	Historia da literatura española desde mediados do século XIX hasta o século XXI.	Esta unidade didáctica dedicárase ao estudo da literatura desde a segunda metade do século XIX, co Realismo, hasta a narrativa contemporánea en España e Hispanoamérica, centrándonos nas tendencias e autores propostos pola CIUG. Leranse fragmentos significativos destes autores.	20	33	X	X	X
4	O teatro, a poesía e a narrativa da literatura do século XX e XXI a través da lectura de obras concretas.	Lectura de catro títulos representativos dos diferentes xéneros propostos pola CIUG: Romancero gitano, La fundación, El lector de Julio Verne e Crónica de una muerte anunciada. Análise dos aspectos máis característicos de cada unha das obras.	20	12	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O resumo, o esquema e o comentario crítico de textos.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Evita os usos discriminatorios nos seus comentarios críticos.	PE	61

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende a información relevante do texto proposto e a resume.		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Contrasta a súa opinión coa do texto do comentario.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacions, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	É quen de identificar bulos e sensacionalismo nos textos propostos para comentario.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	É quen de identificar as intencións do emisor do texto proposto para o comentario.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Os resumos e comentarios presentan variedade sintáctica e léxico axeitado ao tema, sen repeticións excesivas.		
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Respetas as diferencias lingüísticas	TI	39
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica a idea xeral e as secundarias relevantes en textos orais e as plasma nun esquema.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora os contidos e forma de vídeos sobre os temas do curso.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.	É quen de contrastar contidos de diferentes páxinas web e escoller as fiables.		
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Entende os textos propostos, aínda que conteñan algúns termos descoñecidos cuxo significado se deduce do contexto lingüístico o pola forma das palabras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	É quen de identificar elementos de manipulación nos textos propostos, se son evidentes.		
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Planifica e realiza unha pequena exposición sobre un tema proposto previamente.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Colabora cos compañeiros en tarefas deseñadas pra ser feitas por dúas persoas ou en equipo		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Presenta en prazo resumos e comentarios correctos, con marxes e letra intelixible que responden as indicacións das tarefas. Utiliza gramática e ortografía aceptables.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora un texto expositivo sobre un tema proposto pola profesora, con estrutura e claridade.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	Revia os textos mentras escribe e unha vez terminados. <se é necesario, sabe localizar e utilizar páxinas coma o CVC o da RAE.		
CA3.7 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Dialoga cos compañeiros e coa profesora para aclarar dudas, facer propostas e solucionar conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.

Contidos

- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
2	Morfoloxía, sintaxe e semántica. As linguas de España	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Recoñece a variedade estándar da lingua e é quen de expresarse con moderada formalidade.	PE	91
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexén a comunicación entre as persoas.	É quen de recoñecer usos discriminatorios e manipuladores nos textos comentados.		
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	É quen de entender os textos prpostos e de xerarquizar as informacións relevantes,		
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	É quen de deducir polo contexto ou mediante a relación con outros termos o significado de expresión descoñecidas e de identificar a referencia das palabras gramaticais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Deduce as intencións do emisor nos textos propostos.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	É quen de facer un resumo e un comentario crítico correto .		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	É quen de redactar comentarios coa riqueza léxica e sintáctica necesaria para precisar as ideas e evitar repeticións innecesarias.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	É quen de redactar pequenos textos con sentido seguindo pautas gramaticais.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá recoñecer as diferentes clases de palabras desde unha concepción da lingua como sistema interconectado.		
CA5.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	É quen de recoñecer as opinións e argumentos nos txtos propostos e os procedementos lingüísticos para marcalos.		
CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	É quen de revisar os seus comentarios e resumos e correxir a expresión.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	É quen de contrargumentar usando conectores axeitados e vocabulario correto.		
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará os elementos constituintes das palabras e os procedementos de adquisición e formación de novas palabras mediante a observación, comparación e clasificación de unidades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Distingue de xeito xeral entre variedades diafásicas, diastráticas e diatópicas das linguas.	TI	9
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	É quen de utilizar o diálogo para colaborar cos compañeiros		
CA3.7 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Utiliza e defende o diálogo como método para chegar a acordos e resolver conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As linguas de España e os dialectos do español. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	Historia da literatura española desde mediados do século XIX hasta o século XXI.	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido xeral dos textos literario propostos.	PE	96
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora a adecuación entre forma e contido nos textos literarios propostos.		
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	É quen de interpretar a intención, o tema e as principais ideas dos fragmentos literarios propostos, deducindo o significado de expresións descoñecidas do contexto o relacionándoas con outras palabras.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	É quen de comentar a selección léxica e os principais recursos retóricos nos fragmentos literarios propostos.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Os textos elaborados nos exames resultan correctos e axeitados a unha situación comunicativa de mediana formalidade.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	É quen de mellorar os seus textos en coherencia, cohesión, riqueza e corrección gramatical e ortográfica a partir do traballo na aula.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	É quen de revisar os seus textos escritos e correxir os erros ortográficos e gramaticais máis evidentes.		
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, a tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado elaborará traballos de investigación sobre temas vinculados á literatura estudada. Valorarase a pertinencia da análise temática e formal e a relación con outras expresións artísticas.		
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará os coñecementos lingüísticos adquiridos na aula para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		
CA3.7 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Utiliza o diálogo para a resolución de conflitos na vida cotiá e en actividades de grupo na aula.	TI	4
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuíto comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.

Contidos

- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
4	O teatro, a poesía e a narrativa da literatura do século XX e XXI a través da lectura de obras concretas.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.	PE	90
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado será quen de incorporar léxico preciso, elementos cohesivos e conectores ás súas producións escritas.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos para detectar e correxir nos seus textos erros de gramática, léxico e ortografía.		
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de interpretar os fragmentos escollidos das obras de xeito pautado		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	É quen de relacionar os textos escollidos coa totalidade da obra e de relacionalos co significado xeral da obra.		
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	É quen de comentar por escrito e a partir da súa lectura persoal, os aspectos máis relevantes de cada unha das lecturas propostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplica de xeito práctico os contidos gramaticais, ortográficos, literarios e pragmáticos nos seus propios textos para dotalos de precisión, expresividade e corrección.		
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de seleccionar lecturas de calidade literaria e argumentar a súa elección.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais. - Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios. - Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Contidos

- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a

aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios, xunto coa necesidade de preparar ao alumnado de 2º de Bacharelato para as probas ABAU, se concretan en:

1) Emprego de estratexias para traballar transversalmente, especialmente coas materias de Filosofía, Historia de España e Lingua galega, a comprensión lectora:

- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura española e hispanoamericana do século XX e XXI para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de fragmentos pertencentes á literatura desde 1875 ata a actualidade, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

2) Utilización de recursos para mellorar a oralidade.

3) Creación de textos escritos (comentarios críticos e comentarios literarios), seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

4) Elaboración de resumos e esquemas a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

5) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

6) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

7) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do

alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

8) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos e a consulta da prensa dixital.

9) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias.
Boletíns con actividades de reforzo para os alumnos que os precisen.
aula virtual, presentacións e vídeos.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura dos séculos XX e XXI, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planifícanse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Dicionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd
 Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
 Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
 Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
 Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
 Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
 Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
 Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
 Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
 Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
 Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
 Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
 Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>
 Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>
 Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>
 Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>
 Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>
 En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>
 educaLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- 1) Proba escrita realizada durante os primeiros días do curso, con resumo e comentario dun texto, que permitirá valorar o dominio das destrezas de comprensión lectora e expresión escrita.
- 2) Interacción na aula sobre temas gramaticais e fundamentos de contidos relacionados coa Literatura: métrica, xéneros e subxéneros, recursos retóricos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	20	20	100
Proba escrita	61	91	96	90	83
Táboa de indicadores	39	9	4	10	17

Criterios de cualificación:

Avaliacións

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- a) 80% Proba escrita (alo menos unha por avaliación) que incluírá un resumo, comentario crítico de texto, exercicios prácticos de gramática e unha pregunta teórico/práctica de literatura. Todas as preguntas serán similares ás das PAU.
- b) 20% Proba sobre os libros de lectura obrigatoria propostos pola CIUG.

Cada avaliación abrangue toda a materia traballada hasta o momento da proba. As faltas de ortografía e gramática descontán 0,1 e as relacionadas coas tildes ou signos de puntuación, 0,05, coma nas PAU.

O aprobado está no 5. As cualificacións con decimais se redondearán cara a nota superior se os decimais son superiores a 75.

Cualificación final

Na cualificación final, dado o carácter progresivo da materia, os resultados das avaliacións terán un peso distinto:

1ª Avaliación: 30%.

2ª Avaliación: 30%

3ª Avaliación: 40%

No terceiro trimestre, os alumnos poderán subir hasta un punto a súa cualificación do curso presentando os esquemas de todos os temas de literatura e/ou realizando exposicións e traballos escritos, segundo táboas de indicadores.

Criterios de recuperación:

Se se suspende a primeira ou segunda avaliación, esta quedará automaticamente aprobada con un 5 se se aproba a seguinte. O alumnado que non acade o aprobado polo procedemento anteriormente exposto, poderá superar a materia mediante un exame global sobre os contidos do curso, similar ao das probas PAU, que se celebrará a última semana do curso. A cualificación será a obtida neste exame, que, en todo caso, deberá ser igual ou superior a 5.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por Xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Deseño de boletíns de reforzo e ampliación para alumnos que presenten dificultades para superar contidos específicos (ortografía, gramática, comprensión lectora...).
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X		X	
ET.2 - O respecto polas diferenzas.	X	X		
ET.3 - A formación estética.			X	X
ET.4 - O compromiso co desenvolvemento sostible.	X			
ET.5 - A educación para a saúde.	X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X			X

Observacións:

A lectura comprensiva, análise e e comentario crítico de textos periodísticos permiten reflexionar sobre os problemas fundamentais da nosa sociedade: o cambio climático, a sustentabilidade, as redes sociais, o sexismo, a obsesión estética e trastornos alimenticios, a xenofobia, etc. Ademais, o alumnado reflexionará sobre o uso eficaz e ético das palabras; sendo persoas respectuosas coas diferenzas, competentes para exercer unha cidadanía dixital activa e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

O estudo da literatura e a lectura destes textos permiten unha educación estética, ademais do fomento do espírito crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Organización dun club de lectura.	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X	X	X
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos.	Esta actividade, conectada co traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións propostas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os e as estudantes.	X	X	X
Asistencia a unha representación teatral	Asistencia a unha función de teatro relacionada co temario de literatura do curso.			X

Observacións:

As actividades relacionadas coa lectura lévanse a cabo en colaboración co equipo da biblioteca.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixióronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente do curso anterior.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados